

## TÍTULO

A formación en apicultura como achega para un futuro sustentábel na montaña lucense.

## AUTORES, FILIACIÓN E CORREO ELECTRÓNICO

Mario Outeiro Iglesias, IES Pedregal de Irimia (Consellería de Cultura, Educación e Universidade), mariocorgo@gmail.com.

Felipe Trillo Alonso, Facultade de Ciencias da Educación (Universidade de Santiago de Compostela), felipe.trillo@usc.es.

## RESUMO

Durante décadas atribuíuselle a Albert Einstein a famosa frase “se as abellas desapareceran do planeta, ao home só lle quedarían catro anos de vida”, aínda que non hai ningún rexistro de que o famoso físico dixera tal afirmación. O certo é que os insectos son moi importantes na polinización das plantas e, dentro destes, as abellas teñen un papel crucial, polo que o fomento da apicultura trae sempre consigo un medio máis diverso e rico.

As abellas son, polo tanto, uns vectores polinizadores irremplazables na vida reprodutiva dos ecosistemas naturais pero tamén aseguran a produción agrícola xerando uns beneficios económicos maiores para os agricultores. Porén, a maiores do seu gran traballo polinizador a *Apis mellifera* é considerada un insecto útil pola súa capacidade para producir mel (multi ou monofloral), cera, própole, xelea real, pole e unha serie de actividades económicas de crecente consideración (apiturismo, cría de raíñas, apiterapia...).

No noroeste peninsular, as serras orientais galegas, e en concreto a dos Ancares, reúne unha serie de condicións idóneas para a práctica apícola por posuír unha vexetación melífera abundante, variada e escalonada, suficientes recursos hídricos, unhas condicións climáticas e ambientais moi favorábeis, unha pequena incidencia de especies exóticas invasoras e un baixo nivel de contaminación. Todos estes condicionantes fixeron, e fan, dos Ancares un lugar idóneo para producir mel (e outros produtos apícolas) de calidade e en cantidade.

Por outra banda, a zona dos Ancares está sufrindo a mesma lacra que o interior de Galiza en canto ao despoboamento e o envellecemento, pero cunha incidencia máis acusada por ser zona de montaña. O abandono das zonas rurais está sendo aproveitado por certas empresas para facer caixa a costa de prexudicar a biodiversidade (o monocultivo do eucalipto, a ocupación de parques eólicos de zonas de especial interese natural...) no que se pode considerar unha nova forma de colonialismo.

Diante destas circunstancias, a apicultura nestas zonas pode, e debe, converterse tamén nun motor económico para a súa veciñanza, asentando poboación no rural no que pode considerarse como unha actividade sustentábel de xeito integral.

É por isto que no ano 2017 o CPI de Cervantes organizou unha actividade formativa relacionada coa apicultura para o seu alumnado (de primaria e secundaria) pero aberto a toda a comunidade da contorna (familias, veciñanza...). Contou para iso co financiamento da Reserva da Biosfera dos Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, co asesoramento técnico da Asociación Galega de Apicultura (AGA) e coa colaboración da ANPA do centro. O resultado foi a realización de catro xornadas onde a formación práctica, activa e firmemente asentada na contorna serviu para poñer en valor o potencial que a apicultura ten para o concello de Cervantes e, por extensión, para todo o rural de montaña galego.